


El Correo Gallego	Tirada: 21.596	Sección: -	
Galicia General	Difusión: 18.238	Espacio (Cm_2): 313	
Diaria	(O.J.D)	Ocupación (%): 29%	
	Audiencia: 96.000	Valor (€): 495,36	
		Valor Pág. (€): 1.700,00	
	11/12/2007	Página: 68	Imagen: No

O poeta Marcos Ana, na Fundación Caixagalicia


MEMORIAS ► O autor falará sobre a vida dos presos políticos nos cárceres franquistas entre 1939 e 1961

REDACCIÓN • SANTIAGO

“A vida dos presos políticos nos cárceres franquistas, de 1939 a 1961” é o título da Conferencia que ofrecerá Marcos Ana hoxe martes 11 de decembro, ás 20.00 horas, e que será presentado polo escritor galego e profesor emérito da Universidade de Santiago, Xesús Alonso Montero. O acto terá lugar na sede da Fundación Caixa Galicia en Santiago, na rúa do Vilar 19. O autor, tras a conferencia, asinará libros no propio local. O Club Internacional de Prensa de Galicia, retoma así -tras a clausura do Simposio Internacional Pobre Mundo Rico- a súa programación anual cun dos seus ciclos: Os encontros do Club.

Marcos Ana (Fernando Macarrón Castillo) naceu en Alconada, unha pequena aldea de Salaman-

ca, no 1920, no seo dunha familia pobre de xornaleiros do campo. A súa vida estivo marcada por unha paixón constante en defensa dos oprimidos e desherdados e unha entrega absoluta ao seu ideal comunista. Dende a súa primeira xuventude, loitou do lado republicano, durante a guerra civil española. Ao rematar esta, no 1939, foi detido, xunto a millares de demócratas, e condenado a morte. Permaneceu encarcerado 23 anos ininterrompidos: toda a súa xuventude e a metade da vida. Nesa Universidade dolorosa escribiu os poemas que traspasaron os cárceres e levaron o seu nome a través do mundo. Foi, de feito, un dos primeiros presos políticos españoles defendidos por Amnistía Internacional.



O poeta salmantino Marcos Ana falará hoxe en Santiago

LIBERADO NO 1961

Vinte e tres anos nun libro

Ao ser liberado, no ano 1961, o poeta Marcos Ana percorreu Europa e gran parte de América, promovendo e organizando a solidariedade cos presos políticos e as súas familias e denunciando as prácticas fascistas que, daquela, se realizaban

en España. O seu libro *Decidme como es un árbol*, do que hoxe asinará exemplares en Santiago, relata os vinte e tres anos transcorridos na cadea e a súa loita dende a poesía desenvolvida entre os muros do cárcere ■